

CURSO: 2º ESO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe/Competencias.
B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD. XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD
B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD
B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD
B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD. XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD.
B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD.
B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. CSC, CCL, CMCCT, CAA, CD.
B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos. CAA, CSC.
B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. CSC
B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. CSC, CCL, CCEC, CMCCT XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. CSC, CCL, CCEC, CMCCT
B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. CSC, CCL, CCEC XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. CSC, CCL, CCEC.
B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. CSC, CCL.
B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. CSC, CCL, CAA.

2.- Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos/instrumentos:</p> <p>Realización de exercicios, cuestionarios online (tipo test, verdadeiro/falso, respostas de desenvolvemento) e traballos de investigación utilizando medios dixitais (internet, Edixgal).</p> <p>Valorarase o esforzo, dedicación, interese e regularidade na realización e na entrega das exercicios/traballos de investigación/cuestionarios online.</p> <p>Tanto as actividades entregadas como os cuestionarios realizados online serán a forma de avaliar durante o 3º trimestre.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación será resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións ó que se engadirá a puntuación da 3ª avaliación. Esta obterase do traballo enviado polo alumnado no cal se terá en conta o esforzo, adicación, interese e regularidade. Se o alumnado se esmerou e entregou todo o que se esixiu calificarase cun 1 punto (que correspondería a un 10) o cal se engadirá á media das avaliacións anteriores. Ese punto sufrirá descontos caso de que o esforzo non fora regular ou o traballo non estea completo.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Aquel alumnado que non supere positivamente a materia en xuño terá que presentarse a unha proba extraordinaria en setembro que versará sobre os contidos mínimos expostos na programación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación/cualificación: actitude positiva, traballo regular das actividades plantexadas cos contidos e estándares mínimos, realización dos cuestionarios online, esforzo, regularidade nas entregas cumprindo os prazos, dedicación e interese.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: ademais dos cadernillos con actividades de reforzo realizados durante a 1ª e 2ª avaliación, contarán as actividades/cuestionarios online realizados no 3º trimestre. Servirán tanto para subir nota como reforzo e recuperación das anteriores avaliacións se houberen tido unha cualificación negativa.</p>

3.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE:	
Actividades. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O noso departamento, tendo en conta a natureza da materia de Xeografía e Historia acordou avanzar materia a través de actividades como exercicios ou fichas que debían completar utilizando diversos medios: power point, libro de texto, cuestionarios...</p> <p>O alumnado ten a posibilidade de recuperar a 1ª e 2ª avaliacións cubrindo dichos exercicios, fichas ou mapas correspondentes as primeiras avaliacións, e así mesmo deberán completar ó correspondente á terceira.</p> <p>As profesoras deste departamento estamos a disposición do alumnado a través de Edixgal, ou do correo electrónico.</p> <p>Todo o alumnado de 2º dispoñe de conectividade nestes momentos agás unha alumna de 2ºC que recibe as indicacións/actividades a través do seu titor.</p>
Materiais e recursos	Apuntes aportados pola profesora, libro de texto, Edixgal, youtube.

4.- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado é mediante Edixgal, abalar ou mediante correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.